

A PAZ VIRÁ

Se crees que o sorriso é máis forte que as armas,
se crees no poder dunha man tendida,
se crees que o que aúna aos humanos é máis forte que o que os separa,
se crees que ser diferente é unha riqueza e non un perigo,
se sabes mirar aos outros cun pouco de amor,
se prefires a esperanza á sospeita,
se estimas que debes dar o primeiro paso para achegarche ao outro,
se podes alegrarte da alegría do teu veciño,
se a mirada dun neno pode, aínda desarmar o teu corazón,... A PAZ VIRÁ

Se a inxustiza que padecen os outros che doe tanto como a que ti sofres,
se sabes dar gratuitamente un pouco do teu tempo e do teu amor,
se sabes aceptar que o outro che faga un servizo,
se crees que o perdón vai máis aló da vinganza,
se sabes cantar a alegría dos demais e danzar a súa festa,
se podes escoitar a desdicha que che fai perder o teu tempo e
permanecer co sorriso nos beizos,
se sabes aceptar a crítica sen defenderte,
se crees que os demais che poden axudar a cambiar,
se non che escandaliza a boa nova,... A PAZ VIRÁ

Se sabes escoller e aceptar un punto de vista distinto ao teu,
se non descargas as túas culpas sobre os demais,
se o outro é para ti ante todo un irmán,
se a cólera é para ti unha debilidade, e non unha proba de forza,
se prefires ser ferido antes de facer dano a ninguén,
se miras ao pobre e ao oprimido sen terte por un heroe,
se crees que o amor é a única forza,
se crees que a paz é posible,... A PAZ VIRÁ